



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 022016

ANUNCIO DA MESA DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DE SERVIZO “AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ZAS”

Polo presente anuncio faise público, de maneira íntegra, o contido das Actas nº 6 da Mesa de contratación da sesión celebrada o día 5 de maio de 2017:

“ACTA Nº 6 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DE SERVIZO “AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ZAS”

Aprobación da composición: Resolución 21/02/2017
Publicación: perfil do contratante www.zasdixital.eu
Data de publicación: 22/02/2017

Zas, 5 de maio de 2017.

Reunidos en sesión pública no despacho da Alcaldía da Casa Consistorial, ás 9.55 horas, os seguintes integrantes do Tribunal cualificador:

Presidente: Don Manuel Muíño Espasandín, alcalde do Concello de Zas
Secretario: D^a M^a Susana Otero Pazos, tesoureira do Concello de Zas.
Vogal 1: Dona Laura Rodríguez Arranz, interventora do Concello de Zas.
Vogal 2: Dona Angélica Pose Lema, traballadora social do Concello de Zas.
Vogal 3: Don Fernando Garrido Muíño, arquitecto técnico do Concello de Zas.
Vogal 4: Dona María Garrote López, secretaria do concello de Zas.

Os membros da Mesa acordan celebrar sesión no expediente de contratación de **CONTRATO DE SERVIZO “AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ZAS”** que se desenvolve mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria.

En primeiro lugar a mesa toma coñecemento de que non consta documentación presentada pola empresa Servizos Sociais á Comunidade S.L. xustificando a baixa temeraria.

Por unanimidade dos membros a mesa acorda:

Primeiro: Excluir do procedemento a Servizos Sociais á Comunidade S.L. por non presentar documentación xustificativa da oferta en baixa temeraria según a cláusula 13.5 dos PCAP.

Segundo: Considerar que a oferta economicamente máis ventaxosa é a de Atendo Calidade SL

Terceiro: Propoñer como adxudicatario a Atendo Calidade S.L.

O presidente dá por terminada a reunión ás 10.00 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.”.

Zas, 8 de maio de 2017
A secretaria da Mesa;